

# MANUAL PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE



CONCELLO DE  
**FORCAREI**



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES  
E IGUALDAD



**Pacto de Estado**  
contra la violencia de género




EDITA: CONCELLO DE FORCAREI

AUTORÍA E DISEÑO:   
ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AGENTES  
DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES SALEDA

DATA: XUÑO 2019

Actuación financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, a través da Secretaría de Estado de Igualdade.





"A LINGUAXE NON É UNHA CREAÇÃO  
ARBITRARIA DA MENTE HUMANA, SENÓN UN  
PRODUTO SOCIAL E HISTÓRICO QUE INFLÚE NA  
NOSA PERCEPCIÓN DA REALIDADE. AO  
TRANSMITIRLLE SOCIALMENTE AO SER HUMANO  
AS EXPERIENCIAS ACUMULADAS DE XERACIÓNS  
ANTERIORES, A LINGUAXE CONDICIONA O  
NOSO PENSAMENTO E DETERMINA A NOSA  
VISIÓN DO MUNDO."  
MANUAL PARA UN USO NON SEXISTA DA  
LINGUAXE DA UNESCO



CONCELLO DE  
**FORCAREI**



## INDICE

1	MANUAL PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE	páx. 7
2	MARCO NORMATIVO	páx. 9
3	NECESIDADE DA LINGUAXE INCLUSIVA	páx. 13
4	SEXISMO LINGÜÍSTICO	páx. 15
	<ul style="list-style-type: none"><li>- Abuso do masculino xenérico</li><li>- Falsos xenéricos</li><li>- Salto semántico</li><li>- Duais aparentes e vocábulos ocupados</li><li>- Baleiros léxicos</li><li>- Orde de presentación</li><li>- Asimetría no trato mulleres/homes</li><li>- Asociacións lingüísticas pexorativas</li><li>- Denominación sexuada</li><li>- Aposicións redundantes</li></ul>	
5	RECOMENDACIÓNS PARA O USO DA LINGUAXE INCLUSIVA	páx. 19
	<ul style="list-style-type: none"><li>- Emprego de xenéricos ou colectivos</li><li>- Uso de varias palabras</li><li>- Mención dos cargos</li><li>- Supresión do artigo ou uso dos dous</li><li>- Uso de determinantes non marcados xenericamente</li><li>- Substitución por formas invariables</li><li>- Emprego do pronome QUEN</li><li>- Emprego de dobres formas</li><li>- Evitar as dobres concordancias</li><li>- Omisión do termo "muller" coas profesións ou oficios</li><li>- Utilización do feminino para designar a profesión dunha muller</li><li>- Uso da barra (/) ou guión (-)</li><li>- Uso de símbolos</li><li>- Uso dos tratamentos</li></ul>	
6	RECURSOS E BIBLIOGRAFÍA	páx. 29



CONCELLO DE  
**FORCAREI**

1

---

M A N U A L  
P A R A U N U S O  
N O N S E X I S T A  
D A  
L I N G U A X E

---

1



O presente Manual nace co obxectivo de proporcionar unha ferramenta de traballo útil e práctica para a incorporación dunha correcta linguaxe igualitaria, ofrecendo solucións claras e didácticas sobre o uso de linguaxe non sexista, especialmente no ámbito administrativo cotián, e contribuír así ao fomento da igualdade de xénero, dando visibilidade ás mulleres e eliminando estereotipos sexistas.

A importancia da lingua na loita pola erradicación das desigualdades está xustificada porque non só é riqueza cultural e medio de comunicación, senón tamén o modo de representar a realidade física e emocional, unha forma de pensamento e un sistema en continua evolución. A linguaxe é o elemento que máis inflúe na formación do pensamento nas persoas, o que deriva na construción de esquemas mentais, conceptos e estereotipos cos que nos desenvolvemos na vida.

A través da linguaxe podemos perpetuar a situación de desigualdade entre homes e mulleres reforzando as actitudes de discriminación e estereotipos sexistas, pero empregada de xeito inclusiva a linguaxe convértese nunha valiosa ferramenta que promove cambios positivos de cara a unha real igualdade de xénero. Así, a linguaxe evoluciona constantemente de acordo cos cambios que experimenta a humanidade. A actual presenza das mulleres na vida pública e os novos roles asumidos deben ter eco na nosos hábitos lingüísticos para que respondan a esta nova realidade.

O sexismo lingüístico é o uso discriminatorio da linguaxe que se fai por razón de sexo. O sexismo non está na lingua en si mesma senón nos usos que dela facemos que, ao ser reflexo da cultura na que vivimos, amosan que o xénero xeralmente discriminado é o feminino.

O uso dunha linguaxe libre de sexismo vai mais alá dunha opción persoal ou cuestión de opinión. De feito, o uso da linguaxe non sexista é un asunto central para calquera sociedade democrática que promova a igualdade entre mulleres e homes, de aí que exista unha lexislación de obrigado cumprimento sobre o seu uso. Referímonos a lexislación a nivel autonómico, estatal, e comunitario, así como a directrices doutros organismos internacionais e organismos como a UNESCO.



2

---

M A R C O  
N O R M A T I V O

---

2



Desde a implantación das primeiras políticas públicas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fíxose fincapé na importancia de adoptar usos non sexistas da linguaxe. Desde a Unión Europea, por exemplo, emitíronse distintos textos instando aos gobernos a adoptar estratexias para o uso de linguaxe incluínte e non discriminatoria, que a súa vez baseábanse en recomendacións doutras instancias internacionais.

Entre os textos promulgados por institucións internacionais, foron pioneiras as resolucións publicadas na década dos oitenta do século pasado, especialmente a **Resolución 14.1** aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO, na súa 24ª reunión, apartado 1, parágrafo 2 (1987) e a **Resolución 109** aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO, na súa 25ª reunión, parágrafo 3 (1989).

En canto á Unión Europea, o Consello Ministerial Europeo, en 1990, aproba a **Recomendación**, de 21 de febreiro, **sobre a eliminación do sexismo na linguaxe**, desde a que se recoñece, en primeiro lugar, a existencia de obstáculos á igualdade real entre homes e mulleres para, a continuación, enunciar que a linguaxe é un instrumento esencial na formación da identidade social dos individuos. O Consello de Europa, consciente de que o sexismo da linguaxe súpón un obstáculo para o desenvolvemento da igualdade, propón tres liñas básicas de actuación:

- Que os estados membros incorporen iniciativas para promover unha linguaxe non sexista que teña en conta a presenza e situación das mulleres na sociedade.
- Promover, en textos xurídicos, educativos e da administración pública, o uso de terminoloxía harmónica co principio de igualdade entre sexos.
- Fomentar a utilización dunha linguaxe libre de sexismo nos medios de comunicación.

En España, esta recomendación foi incorporada no **Primeiro Plan para a Igualdade de Oportunidades para as Mulleres**, aprobado polo Consello de Ministros en setembro de 1987, cunha vixencia de dous anos (1988-1990). O texto di, especificamente: “Incluirase, por elo, no proceso de renovación da linguaxe administrativa que se está realizando, o control e eliminación, no seu caso, deste tipo



de discriminacións nas circulares, impresos e formularios utilizados pola Administración". A esta primeira norma seguíronlle outras, como a **Orde de 22 de marzo de 1995**, do Ministerio de Educación e Ciencia, **para adecuar a denominación dos títulos oficiais**.

A **Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero** establece medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo, facendo especial fincapé no eido da publicidade, e a necesidade dunha imaxe que respecte a igualdade e a dignidade das mulleres.

Afondando nesta liña, na **Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes** establécese como criterio de actuación de todos os poderes públicos a utilización dunha linguaxe non sexista. Esta lei, no título II, sobre políticas públicas para a igualdade, di especificamente:

**Artigo 14.11.** Regula como criterio xeral de actuación dos poderes públicos *"a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas"*.

**Artigo 28.4.** Para aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades na sociedade da información establécese que *"nos proxectos do ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación sufragados total ou parcialmente con diñeiro público se garantirá que a súa linguaxe e contidos non sexan sexistas"*.

En Galicia, o **Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da C.A. de Galicia en materia de igualdade**, que derogou, entre outras, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece expresamente o seguinte:

**Artigo 11. Definición do uso non sexista da linguaxe.**

*O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.*



**Artigo 12. Erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.**

*1. A Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía coma nas comunicacións internas. Para estes efectos, informarase e formarase o persoal ao servizo das administracións públicas galegas.*

*2. Tamén procurará a erradicación do uso sexista da linguaxe na vida social e, para estes efectos, realizaranse campañas de sensibilización e divulgación pública.*

Dispoñemos pois dun extenso marco normativo e legislativo procedente dos distintos gobernos e administracións públicas que vén desde fai anos chamando a atención sobre a necesidade de adoptar unha linguaxe non sexista en todos os ámbitos dirixida cara a erradicación da discriminación e a invisibilización das mulleres.

3

---

NECESIDAD  
DA  
LINGUA XE  
IGUALITARIA

---

3



Unha linguaxe igualitaria, non sexista, é aquela que non oculta, nen xerarquiza, nen exclúe, nen valora máis a un xénero sobre outro. Debe evitar expresións que ridiculicen ou infravaloren ás mulleres e mostrar a realidade social como é, formada por mulleres e homes. Polo tanto, a linguaxe non sexista incluírá e fará visibles ambos sexos, valorará igual a mulleres e homes e evitará confusións e ambigüidades coas súas mensaxes.

Toda a riqueza dos nosos idiomas sumada á integración desta perspectiva igualitaria, permitiranos a elaboración de textos moi variados, non repetitivos, precisos e non sexistas, sen ter que renunciar a un documento de calidade. Ademais, o emprego desta linguaxe aumentará a calidade dos resultados xa que estaremos realizando textos que mostren mellor a realidade do que queremos explicar e nos permitan unha comunicación mellor e máis concreta do que queremos transmitir.

Así e todo, debemos ser conscientes de que modificar calquera sistema establecido sempre atopa trabas, e no eido lingüístico isto non é diferente. Estas dificultades veñen pola interiorización de usos culturalmente establecidos e tamén por non coñecer xeitos sinxelos e eficaces para comunicar mellor. Pero o máis difícil realmente á hora de modificar hábito é facer a reflexión necesaria que nos motive a tomar a decisión de cambiar e adoptar unha posición persoal. Polo tanto, o primeiro paso é tomar consciencia da importancia do noso papel como axentes de cambio na sociedade en xeral, e no noso entorno en particular, manifestando o noso compromiso explícito coa igualdade entre mulleres e homes.

4

---

S E X I S M O  
L I N G Ü Í S T I C O

---

4



O sexismo é a ideoloxía dirixida a manter a discriminación e a subordinación das mulleres respecto dos homes. Cando desde a linguaxe se toma o masculino como patrón universal que recolle toda a realidade estase a expresar a través da lingua a discriminación das mulleres. Este uso discriminatorio da linguaxe que se fai por razón de sexo é o denominado sexismo lingüístico. Como xa se expuxo, o sexismo non está na lingua en si, senón nos usos que dela facemos e que, ao igual que na cultura na que vivimos, xeralmente discriminan máis ás mulleres.

Un xeito doado de advertir este sexismo consiste en aplicar a denominada “regra de inversión”, que consiste en probar se o texto resulta correcto ao substituír os termos femininos polos correspondentes masculinos e viceversa. Así, se aplicamos esta regra a unha frase como “A comisión estará formada por tres concelleiras mulleres” a frase resultante pareceranos forzada: “A comisión estará formada por tres concelleiros homes”. Detectamos con esta regra que partiamos dunha redundancia innecesaria (concelleiras mulleres) e que polo tanto, o apropiado para un tratamento igualitario é construír a oración inicial así: “A comisión estará formada tres concelleiras”.

Os usos lingüísticos que exclúen e discriminan ás mulleres no discurso son variados e non excluíntes entre si. Os máis destacables son os seguintes:

- **Abuso do masculino xenérico:** O valor do masculino como incluínte de ambos sexos utilízase como norma, incluso en contextos comunicativos onde non está xustificado. Por exemplo, é frecuente atopalo en documentos abertos que se deben cumprimentar, como se unicamente os fosen cumprimentar varóns.

Exemplo: “O cidadán”; “Nome do solicitante”; “Sinatura do interesado”.

- **Falsos xenéricos:** Vocábulos que aparecen como xenéricos.

Exemplo: “home” con significado de humanidade.

- **Salto semántico:** Fenómeno lingüístico que consiste en que un vocábulo con





aparencia de xenérico (que se supón que inclúe a homes e a mulleres), revela máis adiante que o seu valor era específico (só incluía a varóns).

Exemplo: "O seguro médico cubre aos funcionarios e ás súas mulleres". "Nese departamento traballan moitos funcionarios, pero en contabilidade son maioría de mulleres".

- **Duais aparentes e vocábulos ocupados:** Os duais aparentes son termos que cambian de significado segundo se apliquen a un sexo ou a outro. Son frecuentes, sobre todo en palabras que designan cargos ou profesións, que as formas femininas son vocábulos "ocupados", é dicir, que posúen un significado inferior ou negativo con respecto á forma masculina, o que dificulta o seu emprego dun xeito igualitario.

Exemplo: secretaria 'muller que se dedica a tarefas subalternas' fronte a secretario 'home que desempeña un alto cargo'; sarxenta 'muller do sarxento' ou 'muller autoritaria' fronte a sarxento 'suboficial de gradación inmediatamente superior a cabo maior e inferior ao sarxento primeiro'

- **Baleiros léxicos:** Palabras que carecen de correlato ou dual no outro xénero. Esta ausencia adoita prexudicar ás mulleres.

Exemplo: misoxinia significa "aversión ou odio ás mulleres". Non existe ningunha palabra que nomee a aversión ou odio aos varóns.

- **Orde de presentación:** A anteposición, como norma, do masculino ao feminino, supón aceptar a preferencia dun xénero sobre outro. Non existe xustificación gramatical que explique o uso sistemático da forma masculina diante da feminina. Aínda que é preferible evitar os desdobramentos excepto cando non haxa outro modo de visibilizar ás mulleres, de producirse, poden introducirse de forma alterna, para evitar consolidar a xerarquía do masculino.

Exemplo: Se nun documento se fai referencia constante ás persoas usuarias, desdobraremos alternando ao longo do texto "usuarios e usuarias" e "usuarias e



usuarios”.

- **Asimetría no trato mulleres/homes:** Os tratamentos de cortesía que converten ás mulleres en dependentes ou o xeito de dirixirse ás mulleres, mediante diminutivos ou vocábulos que as infantilizan, aínda son frecuentes nalgúns contextos comunicativos. Estes usos xamais se aplican aos varóns.

Exemplo: señorita (define o estado civil das mulleres, algo que non ocorre cos varóns); “señora de”.

- **Asociacións lingüísticas pexorativas:** Os termos sobre os valores que se entenden como femininos defínense a partir de prexuízos sociais e non de criterios lingüísticos. Ademais, verifícase a existencia de numerosas voces que denotan ou connotan insulto unicamente para as mulleres.

Exemplo: léxico que identifica ás mulleres con beleza, matrimonio ou prostitución: cadelá, ademais da animal, define a unha prostituta; fregona é, en sentido despectivo, a criada que frega e serve na cociña ademais do utensilio para limpar o chan; “maruxa” é unha ama de casa de baixo nivel cultural sen correlato para o masculino (baleiro léxico).

- **Denominación sexuada:** Problema de falta de simetría que ten que ver coa forma de mencionar aos varóns, aos que identificamos polo seu cargo, oficio, profesión, etc. Pola contra, as mulleres son identificadas antes polo seu sexo ou pola súa dependencia dun varón que polos seus méritos ou identidade propia.

Exemplo: “No vehículo accidentado viaxaba un italiano coa súa esposa”.

- **Aposicións redundantes:** Consiste en destacar a condición sexuada das mulleres por encima de outras calidades que son pertinentes ao asunto.

Exemplo: “A comisión estará formada por tres mulleres concelleiras”; “As mulleres periodistas asinaron un manifesto”.

5

---

R E C O M E N D A C I Ó N S  
P A R A O U S O D E  
L I N G U A X E  
I G U A L I T A R I A

---

5

Para facer un uso igualitario da linguaxe empregaremos un conxunto de estratexias e procedementos, simultáneos e complementarios, que permiten realizar unha forma de linguaxe que contribúe de xeito directo na promoción da igualdade .

**O fenómeno máis frecuente no uso sexista da linguaxe é o abuso do denominado masculino xenérico.** Tanto galego coma castelán son linguas con marca de xénero o que conleva que existan dous xéneros gramaticais, categorías clasificatorias das palabras en masculinas o femininas.

O xénero masculino ten dous valores: específico (referido a varóns) e xenérico (referido a varóns e a mulleres). Pola contra, o xénero feminino ten un único valor, específico, que unicamente designa ás mulleres.

A utilización do masculino xenérico, ademais de provocar ambigüidade e confusión, frecuentemente convive cun androcentrismo lingüístico que confunde masculino con universal. Por esta razón, as recomendacións para un uso non sexista da linguaxe insisten na necesidade de buscar fórmulas alternativas, sempre que sexa posible, ao uso do masculino xenérico, aínda que este sexa correcto desde o punto de vista estritamente lingüístico.

As solucións para eliminar o uso de masculinos xenéricos, que afecta tanto a substantivos como a adxectivos, determinantes ou pronomes, son varias. O máis axeitado é empregar a máis acaída a cada contexto e alternar as diferentes posibles solucións ao longo de textos amplos, co obxectivo de facelos máis lexible se estéticos.

Expóñense a continuación os diferentes recursos e procedementos máis prácticos e útiles na redacción de informes, presentacións, formularios e calquera outra documentación administrativa.

- ✓ **Emprego de substantivos xenéricos ou colectivos.** É moi útil a súa utilización para evitar a presenza de formas marcadas xenericamente. Tamén podemos recorrer a substantivos metonímicos, citando por medio da actividade, profesión, lugar, época, cargo... en vez de escoller o substantivo masculino habitual.



<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
Home	A persoa/ o ser humano/ a humanidade
Os adultos	As persoas adultas
Os franceses	O pobo de Francia
Os inmigrantes	A poboación inmigrante
Alumno	Alumnado/ estudantado/ estudante
Funcionario	Funcionariado

✓ **Uso de varias palabras para evitar unha visión estereotipada**

<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
Os políticos	A clase política
Os graduados	As persoas graduadas
Os usuarios	O público usuario
Médicos e enfermeiras	Persoal sanitario
Nado en	Lugar de nacemento
Os concelleiros	A corporación/ O Pleno

✓ **Mención dos cargos e non da persoa que os ostenta**

<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
O director	A dirección
O lexislador	A lexislación
O xuíz	O xulgado
O tesoureiro	A tesourería
O alcalde	A alcaldía
O xerente	A xerencia
O secretario	A secretaría
O xefe de sección	A xefatura de sección
O lexislador	A lexislación



✓ **Supresión do artigo nos substantivos válidos para ambos xéneros ou uso dos dous artigos**

<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
O solicitante de	Solicitante de, O ou a solicitante de
O titular de	Titular de; A ou o titular de
O asinante de	Asinante de; A ou o asinante de
O representante de	Representante de; O ou a representante
O contratista de	Contratista de; A ou o contratista

✓ **Uso de determinantes non marcados xenericamente con substantivos válidos para os dous xéneros**

<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
Todos os asistentes	Cada asistente
Todos os membros	Cada membro
Todos os contribuíntes	Cada contribuínte

✓ **Substitución de relativos con determinantes "que + artigo" por formas invariables**

<b>USO SEXISTA</b>	<b>USO IGUALITARIO</b>
É imprescindible que o aspirante asine	É imprescindible que se asine
Cando o funcionario decida	Se se decide
Os espectadores deben gardar silencio	Débese gardar silencio
Os alumnos non poden	Non se pode
Cando o usuario reciba	Ao recibir

✓ **Emprego do pronome QUEN**

USO SEXISTA	USO IGUALITARIO
Os que queiran participar	Quen queira participar
O solicitante	Quen solicita
O demandante	Quen demanda
O litigante	Quen litiga

✓ **Emprego de dobres formas:** Co fin de non invisibilizar ás mulleres, estas deben ser nomeadas a risco de que o texto poida facerse pesado e repetitivo, posto que en ocasións é a única forma de expresar as ideas de xeito claro. Se ben é certo que esta é unha fórmula que se debe intentar evitar, en determinadas ocasións faise imprescindible. Ademais a alternancia de masculino e feminino debe levarse a cabo ao longo do texto, posto que non hai ningunha norma lingüística que dea prevalencia ao masculino ante o feminino.

USO SEXISTA	USO IGUALITARIO
Os traballadores	Traballadores e traballadoras
O gañador	Gañadora ou gañador
Apto	Apta ou apto
Os concelleiros	Concelleiros e concelleiras
Consumidores	Consumidoras e consumidores
Galegos	Galegos e galegas

✓ **Evitar as dobres concordancias en artigos, substantivos e adxectivos.**

Nos casos en que non exista outra opción que a duplicación, intentarase evitar as dobres concordancias, ben duplicando só o determinante, especialmente se o substantivo é xenérico ou colectivo, ben duplicando unicamente o substantivo. Tamén resulta apropiado botar man da concordancia de proximidade como medio máis axeitado de combater o posible alongamento das secuencias.



A EVITAR	A EMPREGAR
Os cidadáns interesados e as cidadás interesadas	Os cidadáns e cidadás interesadas
Os usuarios e usuarias anotados e anotadas	Os e as usuarias anotadas/ As persoas usuarias anotadas
Os/as solicitantes inscritos/as	As e os solicitantes inscritos
Os/as traballadores/as contratados/as	As traballadoras e traballadores contratados

✓ **Omisión do termo "muller" ou "mulleres" coas profesións ou oficios**

USO SEXISTA	USO IGUALITARIO
As mulleres policía	As policía
As mulleres científicas	As científicas
As mulleres limpadoras	As limpadoras
As mulleres concelleiras	As concelleiras

- ✓ **Utilización do feminino para designar a profesión ou oficio dunha muller.** As ocupacións da esfera pública estiveron durante séculos reservadas aos varóns, en consecuencia, non é de estrañar que o léxico que as designa se formase en masculino pola asociación xénero gramatical-sexo que establecemos, erroneamente, como falantes. Esta asociación xénero gramatical-sexo supuxo tamén que, coa incorporación progresiva das mulleres ao mercado laboral, se creasen os femininos de moitos oficios ou profesións para os que só existía o masculino.

Aínda que a Academia da Lingua recomenda a feminización das profesións (técnica, arquitecta, médica...) e aconsella manter inalteradas aquelas denominacións que pola súa terminación valen tanto para masculino como para feminino (o xerente/a xerente), o uso non sempre segue eses ditames. Unhas veces, o rexeitamento a feminizar algúns termos débese ao prestixio que se lle presupón á forma masculina, que fai que algunhas persoas prefiran "a avogado" ou "a médico" a "a avogada" ou "a médica", a pesar de ser estas últimas as formas correctas. Outras veces a reticencia prodúcese porque a forma feminina está ocupada con outro significado. É o caso xa explicado do





termo "secretaria" que se relaciona coa realización de tarefas subalternas, o que fai que algunhas mulleres, cando desempeñan un alto cargo da Administración, se autodenominen en masculino (D<sup>a</sup>. Carme López, secretario municipal).

Por outra parte, hai termos comúns en canto ao xénero (válidos igualmente para aludir aos dous sexos: presidente, xuíz...) que se feminizaron (presidenta, xuíza...) e o uso consolidounos a pesares das críticas dun sector que considera estas feminizacións contraditorias á gramática, sen lembrar que voces como aprendiz, oficial, asistente ou dependenta acuñáronse fai anos sen ningún tipo de problema. Tamén temos os casos inversos, termos que se masculinizaron contradicindo as normas da Academia, como no caso de "modista-modisto", do que se deduce que, aínda que as normas son necesarias na cohesión da lingua, os cambios tamén o son e suceden porque a comunidade percibe a necesidade de adaptalas a novas realidades.

Por último, cabe recordar que existen traballos tradicionalmente desempeñados por mulleres ou pouco prestixiados socialmente que adoitan aparecer só na súa forma feminina (limpadora, señora da limpeza...). Posto que son traballos que poden desempeñar os dous sexos, recoméndase utilizar fórmulas que engloben a ambos.

En definitiva, como norma xeral, **cando se coñeza o sexo da persoa que ocupa un cargo ou oficio, debemos referirnos a ela en masculino ou feminino segundo corresponda**. Desta forma, facemos visibles ás mulleres e contribuímos tamén a cambiar a idea de que algúns oficios e postos de responsabilidade están sempre ocupados por homes.

TERMINACIÓN	FORMAS CORRECTAS
-o/-a	Técnico/técnica; psicólogo/psicóloga; mecánico/mecánica; arquitecto/arquitecta; administrativo/administrativa
-or/-ora	Interventor/interventora; tradutor/tradutora; inspector/inspectora
-eiro/-eira	fontaneiro/fontaneira; porteiro/porteira; banqueiro/banqueira



TERMINACIÓN	FORMAS CORRECTAS
<b>-ario/-aria</b>	bibliotecario/bibliotecaria; comisario/comisaria; funcionario/funcionaria
<b>-ente/-enta</b>	dependente/dependenta; rexente/a rexente – rexenta; o tenente/a tenente; o dirixente/a dirixente; o/a axente; *asistente/asistenta (non sempre significan o mesmo)
<b>-ante</b>	o delineante/a delineante; o representante/a representante; *o gobernante/a gobernante (governanta non significa o mesmo)
<b>-ista</b>	o periodista/a periodista; o/a oficinista *modisto/modista (non sempre significan o mesmo)
<b>-ta; -tra</b>	o psiquiatra/ a psiquiatra; o terapeuta/a terapeuta
<b>-l/-l; -l/-la</b>	o fiscal/a fiscal; o cónsul/a cónsul; albanel/albanela; edil/edila; oficial/a oficial – oficiala
<b>-e/ -e; -e/-a; -e/-esa</b>	o/a conserxe; xefe/xefa; alcalde/alcaldesa

- ✓ **Uso da barra (/) ou guión (-).** É un recurso axeitado para utilizar unicamente nalgúns documentos administrativos de carácter aberto como formularios, fichas, instancias, impresos de solicitude, etc. Asemade, esta recomendación pode simplificarse usando, cando sexa posible, outros recursos lingüísticos (xenéricos, colectivos...), evitando formas de tratamento antepostas ou eliminando determinantes
- ✓ **Uso de símbolos.** A utilización da grafía arroba (@) ou outras como o asterico (\*) ou o xe (x), utilízase con certa frecuencia para neutralizar a linguaxe sexista, en maior medida canto máis persoal e informal é o texto. Sen embargo, arroba e



asterisco non son signos lingüísticos e só solucionan aparentemente o problema, posto que na linguaxe oral non existe. Polo tanto non deben utilizarse en textos institucionais cuxa finalidade sexa a lectura. Pola contra, podería estar xustificado o seu emprego en textos informais dirixidos á mocidade, sobre todo no espazo dixital. Como reclamo publicitario, sen embargo, a arroba é tan pertinente como calquera outro símbolo visual.

- ✓ **Uso dos tratamentos.** É preciso facer un uso simétrico no tratamento que se dá a homes e mulleres nos documentos, evitando calquera discriminación. Non empregar “señorita”, que non ten equivalente co mesmo significado en masculino.

MASCULINO	FEMININO
Don + nome completo	Dona + nome completo
D. + nome completo	D <sup>a</sup> . + nome completo
Señor + primeiro apelido	Señora + primeiro apelido
Señor + dous apelidos	Señora + dous apelidos

Se atendemos á presentación con nome e apelidos, observando o que a miúdo acontece no ámbito da linguaxe, resulta recomendable prestar máis atención aos xeitos de denominación simétricos.

USO SEXISTA	USO IGUALITARIO
Trump– Angela Merkel	Trump e Merkel; Donald Trump e Angela Merkel
Pondal e Rosalía	Pondal e de Castro; Eduardo e Rosalía



CONCELLO DE  
**FORCAREI**

6

---

R E C U R S O S   E  
B I B L I O G R A F Í A

---

6

## RECURSOS EN REDE

- **Exeria: Aplicación para unha linguaxe non sexista**

<http://www.exeria.net/>.

- **Guía de comunicación inclusiva da Deputación de Pontevedra:**

<https://www.depo.gal/documents/1076146/5668976/guia+comunicacion+inclusiva+web+09-10-17.pdf>

- **"Las profesiones de la A a la Z"** (Eulalia Lledó)

<http://www.mujiresenred.net/spip.php?article1756>

- **Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia:**

[http://wikidog.xunta.es/index.php/Linguaxe\\_non\\_sexista](http://wikidog.xunta.es/index.php/Linguaxe_non_sexista)

- **Manual de Linguaxe Inclusiva no ámbito Universitario da Universidade de Vigo.**

[https://uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/Manual\\_con\\_portada\\_para\\_web.pdf](https://uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/Manual_con_portada_para_web.pdf)

- **Nombra en red. Recurso informático para facilitar os usos non sexistas da linguaxe. Instituto da Muller.**

<http://www.inmujer.gob.es/servRecursos/formacion/materiales/nombraEnRed.htm>

- **Recopilatorio de recursos web sobre linguaxe non sexista:**

<http://www.mujiresenred.net/spip.php?article1598>

- **Recomendacións para un uso non sexista da linguaxe da UNESCO.**

<http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001149/114950so.pdf>



- **Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na administración pública**

<http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/reclindi.pdf>

- **Web sobre linguaxe non sexista da Xunta de Galicia:**

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/linguaxe-non-sexista>

## **BIBLIOGRAFÍA**

AYALA, MARTA CONCEPCIÓN et al. (2004): ***Guía para un uso igualitario del lenguaje administrativo***: Delegación de Igualdad de la Diputación de Málaga.

BERMÚDEZ BLANCO, Manuel e CID FERNÁNDEZ, ALBA (2011): ***Criterios de linguaxe non sexista*** (-), Servizo de Normalización Lingüística Universidade de Santiago De Compostela.

BRAVO SUESKUN, CARMEN (DIR.) E EVA ANTÓN FERNÁNDEZ (2010): ***Guía para un uso del lenguaje no sexista en las relaciones laborales y en el ámbito sindical***. Madrid: Secretaría Confederal de la Mujer de CCOO.

ENRED CONSULTORES S.L. (2008): ***Guía sobre estrategias de Comunicación Incluyente: El género como prioridad***. Instituto Navarro para la Igualdad.

LLEDÓ, EULALIA (2004). ***Nombrar a las mujeres, describir la realidad: la plenitud del discurso***, en: Bengoechea, Mercedes (2004). *Perspectiva de género en la comunicación e imagen de la mujer*. Vitoria: Emakunde.

MEDINA GUERRA, ANTONIA M. (coord.) (2002): ***Manual de lenguaje administrativo no sexista***. Málaga: Asociación de Estudios Históricos Sobre la Mujer (Universidad de Málaga) en colaboración coa Área de la Mujer (Ayuntamiento de Málaga).



CONCELLO DE  
**FORCAREI**

Actuación financiada con cargo aos créditos recibidos do  
Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, a  
través da Secretaría de Estado de Igualdade.

